



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



### **BASES DO CONCURSO DE DISFRACES** **“ENTROIDO 2024”**

O Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), a través da participación cidadá, co motivo de manter o espírito do Entroido, de crear un ambiente festivo, de contar con moita participación da cidadanía presenta o Concurso de disfraces dirixido a todos veciños e veciñas do noso Municipio

#### **1. OBXECTO**

O Concello de Cerdedo- Cotobade ven a convocar un “ Concurso de disfraces: ENTROIDO 2024” para fomentar a creación artística; así como, potenciar a participación nas festas do Entroido 2024.

Este concurso estará aberto e poderán participar tódalas persoas interesadas sen límite de idade, segundo as categorías establecidas.

#### **2. PARTICIPANTES.**

Establécense cinco categorías de participantes:

a) Individual Infantil.

Poderán participar nesta categoría todas aquelas persoas menores de 16 anos de idade, que se inscriban con anterioridade ao Desfile de Entroido

b) Individual Adulto.

Poderán participar nesta categoría todas aquelas persoas maiores de 16 anos de idade, que se inscriban con anterioridade ao Desfile de Entroido

c) Parella Infantil.

Poderán participar nesta categoría todas aquelas persoas que formen un conxunto de disfraz harmónico de dous menores de 16 anos de idade, que se inscriban con anterioridade ao Desfile de Entroido



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



d) Parella Adulto

Poderán participar nesta categoría todas aquelas persoas que formen un conxunto de disfrace harmónico de dous maiores de 16 anos de idade, que se inscriban con anterioridade ao Desfile de Entroido

e) Grupos do Concello

Poderán participar nesta categoría todos aquelas persoas que formen un conxunto harmónico de como mínimo 10 persoas que se inscriban con anterioridade .

Xunto coa solicitude deberán presentar un listado nominal dos participantes con DNI e enderezo

Os interesados en participar deberán inscribirse cumprimentando e entregando no Concello o formulario de inscrición xuntado a estas bases. Poderán presentalo de forma presencial en horario de atención ao público ( luns a venres de 9:00 a 14:00 horas) ou a través da sede electrónica do concello.

P.3600048G

### **3. ENTIDADE ORGANIZADORA.**

O Organismo encargado da valoración do concurso será o Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) a través do Departamento de Cultura onde se dirixirán aquelas posibles incidencias, comunicados etc. que se produzan durante a celebración de dito concurso a través do correo electrónico [omix@cerdedo-cotobade.gal](mailto:omix@cerdedo-cotobade.gal).

### **4. DISFRAZ.**

Este será de temática libre, e so poderán participar nunha das categorías establecidas.

Os criterios de valoración serán:

- a) Deseño do traxe
- b) Tipo de confección
- c) Imaxinación
- d) E fundamentalmente a soltura coa que desfilen o día do concurso, a graza coa que os participantes introdúzanse no desfile e no personaxe que represente o seu disfraz.

Non poderá ser ofensivo, nin ferir sensibilidades

### **5. CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN.**



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Poderán participar todas as persoas que asistan aos Entroidos, que se celebran:

- Pavillón de Deportes de Cerdedo o día 11 de febreiro e
- Pavillón de Carballedo, o día 24 de febreiro

Os/as participantes teñen que participar no desfile se o tempo o permite, e dentro do pavillón desfilarán obrigatoriamente cando sexan chamados pola actuación musical

Primeiro serán as categorías infantís, logo as categorías de adulto e finalmente os grupos.

### 6. PRAZOS

#### CATEGORIAS INDIVIDUAL E PARELLAS

Para o domingo **11 de febreiro**, a partir das 16:00 no Centro Cultural de Cerdedo, inscribíranse nunha lista habilitada ao efecto e antes das 17:00.

Tras a inscrición deberán de facer un desfile desde o Centro cultural ata o Pavillón de Cerdedo.

Poderán inscribirse con anterioridade se así o quixesen, de xeito presencial ou por sede electrónica.

Para o sábado o día **24 de febreiro**, a partir das 16:00 na Praza do Concello, sede Carballedo, inscribíranse nunha lista habilitada ao efecto e antes das 17:00 horas.

Tras a inscrición deberán facer un desfile desde a Praza da Chan ata o Pavillón de Carballedo. Poderán inscribirse con anterioridade se así o quixesen, de xeito presencial ou por sede electrónica.

#### CATEGORIA GRUPOS

Os grupos terán que inscribirse con anterioridade **OBRIGATORIAMENTE**.

Para os grupos a inscrición remata o día 08 de febreiro ás 12:00 para os **Entroidos de Cerdedo ou Cerdedo e Carballedo**



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Se so van a participar no **Entroido de Carballedo** poden presentar a solicitude ata o 22 de febreiro ás 14:00 horas

Xunto coa solicitude xuntarán un listado nominal dos participantes co número de DNI e enderezo.

### 7. VALORACIÓN.

Para a valoración dos disfraces presentadas ao concurso, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño do traxe
- b) Tipo de confección
- c) Imaxinación
- d) Desfile

Cada membro do xurado emitirá a súa valoración nunha acta de votación por categoría e o sistema de votación será o seguinte:

- Cada membro do xurado puntuará de 1 a 10 puntos. En base aos criterios de :
  - Deseño do traxe
  - Tipo de confección
  - Imaxinación
  - Desfile
- A suma de todos os puntos recibidos polo-as membros-as do citado xurado, dará lugar aos-as gañadores-as do concurso.
- En caso de empate, será designada a candidatura que mais número de veces conseguise a puntuación máxima (10 puntos). Se aínda así continuase o empate, a designación correspondería á que conseguise mais 9 e así sucesivamente.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



- O fallo será inapelable, podendo declarar deserto o concurso.
- Formulado o fallo e emitida a acta, a competencia para o outorgamento do premio corresponde ao Alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) ou órgano no que delegue.
- Os-as concursantes comprométense a aceptar a decisión do xurado.
- A selección dos gañadores-as será a discreción absoluta do xurado e o seu fallo será definitivo e inapelable.
- A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nas bases.

### a) O XURADO

O xurado estará formado por:

Presidente: Don Jorge Cubela López. Presidente, ou persoa en quen delegue

Vogais: D<sup>a</sup> Galiza Agüete Dorrio ou persoa en quen delegue, Don Ernesto Filgueira Troitiño, ou persoa en quen delegue, Dona Lina Garrido Garrido, ou persoa en quen delegue, Don Bruno Portela Leiro, ou persoa en quen delegue.

Como Secretaria actuará a responsable da Oficina de Información Xuvenil ou empregado público en quen delegue, con voz pero sen voto.

Será preciso para que sexa válida a constitución do tribunal a asistencia do presidente e a secretaria e un mínimo de un terzo dos membros do tribunal. No caso de non poder constituírse será necesario unha nova convocatoria na data e hora que se fixe. O xurado está capacitado para resolver as cuestións que xurdan da interpretación destas bases.

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra destas Bases, e das decisións do xurado.

### b) PREMIOS.

Establecerase os seguintes premios por categorías e poderá ser declarado deserto polo xurado.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



INFANTIL, un único premio para categorías de  
Individual 50,00 €  
Parella 75,00 €

ADULTOS un único premio para categorías de  
Individual 75,00 €  
Parella 100,00 €

### FIXOS

Grupos do Concello: Estarán formados maioritariamente por persoas empadroadas no concello.

De 10 ata 15 participantes 125 ,00 € por un desfile 150,00 polos dous desfiles

De 16 ata 25 participantes 150,00 por un desfile e 175,00 polos dous desfiles

De mais de 26 participantes 225,00 por un desfile e 250,00 polos dous desfiles .

A participación está limitada a 13 grupos por orde de inscrición, ou ata esgotar o crédito.

No acto entregarase un diploma de consecución do premio e o pago efectuarase a través de transferencia bancaria.

### c) ENTREGA DE PREMIOS.

Os premiados recibirán o día do acto un diploma do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) acreditativo do premio

Os premios liberaranse a través de transferencia bancaria.

### DISPOSICIONS FINAIS

A participación implica a aceptación desta convocatoria e calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización.



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



O Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), infórmalle que os datos de carácter persoal que sexan facilitados serán obxecto de tratamento nos nosos ficheiros, coa finalidade de xestionar a participación no concurso, comunicar a condición de gañadores e entregar os premios correspondentes.

Os datos do nome, apelidos poderán ser publicados tanto nas páxinas web do organizador como en calquera outro medio de comunicación electrónico ou convencional. A participación no concurso supón a plena aceptación do tratamento e cesión dos datos persoais e do uso da imaxe proporcionada durante o desfile, nos termos expostos nesta convocatoria.

Coa participación no neste concurso autorízase ao Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) ao uso de forma gratuíta da imaxe por tempo ilimitado.

A presente convocatoria publicarase na páxina web do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) e no taboleiro de anuncios.

En Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Jorge Cubela López

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.**



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



### ANEXO I – FICHA DE INSCRIPCIÓN E DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CONCURSO DE DISFRACES. “ENTROIDO 2024”

D/Dña.....,  
con DNI ....., nº de teléfono ..... e  
co enderezo en C/ ....., nº.....,  
piso ....., da localidade de ....., C.P.....,  
Correo electrónico.....

**SOLICITA** participar no **CONCURSO DE DISFRACES. “ENTROIDO 2023”**, na categoría (marca cunha X):

- Individual Infantil
- Individual Adulto
- Parella Infantil
- Parella Adulto
- Grupo do Concello

NOME DO DISFRAZ/ GRUPO :

---

Autorizo ao Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) ao uso das fotografías realizadas pola participación neste concurso co obxecto de publicidade corporativa, para a súa difusión en:

- Álbums de recordo.
- Facebooks do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)
- Páxina web do Concello de Cerdedo- Cotobade (Pontevedra)
- Folletos ou calquera outro soporte físico ou audiovisual.

#### DECLARA RESPONSABLEMENTE:

1. Que os datos facilitados no presente Anexo son certos.
2. Non encontrarme incurso/a en ningún dos supostos de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas.





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130


Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



3. Que me encontro ao corrente coas obrigacións tributarias co Estado, a Seguridade Social e o Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), comprometéndome a presentar os certificados correspondentes cando me sexan requiridos, no caso de que resulte gañador-a de algún dos premios, así como o correspondente número de conta e certificado de titularidade da mesma, para o ingreso do premio.

A presente declaración se outorga exclusivamente aos efectos da participación e concesión, se corresponde, dos premios regulados na convocatoria do **CONCURSO DE DISFRACES. “ENTROIDO 2024”**

E para que conste, asino en Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), a ..... de..... de 2024  
Sinatura



P.3600048G

NOTA DE LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS Segundo a lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) con fins informativos, así coma da posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento

